

# Condições xerais de inscrición

## 1. Quen se pode inscribir

Poderán participar nas accións formativas todas as persoas ou cidadáns maiores de 14 anos de Galicia que ademais cumpran os requisitos esixidos para cada actividade formativa concreta.

## 2. Como inscribirse

As persoas que desexen participar nas actividade formativas deberán enviar o formulario de inscrición debidamente cuberto, a través da páxina web da Escola.

## 3. Prazo de inscrición

Os prazos de inscrición indícanse no anuncio de cada actividade e no seu defecto será ata o mesmo día da realización da mesma.

## 4. Criterios de selección de alumnas/os

Existindo un número maior de solicitudes que de prazas, resolverase por orde de inscrición.

## 5. Publicación das listaxes de admitidas/os

As listaxes de aspirantes admitidos serán publicadas na páxina web da Escola dentro da actividade formativa correspondente.

## 6. Anulación de inscrición

Se se anotou para a realización dunha actividade docente e decide non asistir a ela, deberá comunicar a súa renuncia, a través da páxina web da Escola, no apartado *Baixa de Solicitude*.

## 7. Requisitos de asistencia ás actividades docentes

Expedirase certificado de asistencia ás persoas que asistan á actividade e así o acrediten mediante o control das firmas.

## 8. Protección de datos

Os seus datos de carácter persoal serán tratados polo Servizo Galego de Saúde para ser incorporados ao tratamento "Xestión da formación", cuxa finalidade é, entre outras, a xestión e control das actividades formativas que organizan a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o resto de entidades que constitúen o Sistema sanitario público a profesorado, alumnado, alumnado en prácticas e asistentes a cursos. Esta finalidade é necesaria para o cumprimento dunha obriga legal.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, pódense exercitar ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, R/San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico [dpd@sergas.gal](mailto:dpd@sergas.gal)

Pode consultar información máis detallada deste tratamento de datos no enderezo [www.sergas.es/protecciondatos](http://www.sergas.es/protecciondatos)